

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

DATA: 07/04/2025

SAIDA: 6649/25

Sr. alcalde-presidente do Concello de Vigo
Praza do Rei, nº 1
36202 - VIGO (Pontevedra)

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 17/2025

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 23 de xaneiro de 2025, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de marzo de 2025, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro da Valedora do Pobo o 23 de xaneiro de 2025, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do Concello de Vigo pola que se resolve a súa solicitude de acceso ao protocolo de acoso laboral e á súa modificación, e ao expediente do acordo colectivo sobre a xornada de bombeiros dese Concello.

O reclamante indicaba que o Concello contestou fóra de prazo, e facilitou os expedientes incompletos e sen confeccionar como esixe a lexislación vixente: No expediente sobre o Acordo de bombeiros consta o recurso de reposición realizado polo Sindicato Casipol, que non foi contestado, pero non consta acta de reunión algunha onde se acredite o cumprimento do art.40.1.d) do TREBEP e do art.10.3 LOLS, pois sobre ese acordo colectivo nada foi comunicado coa antelación necesaria aos delegados de persoal ou ao delegado sindical de Casipol, impedindo así realizar unha adecuada función representativa e sindical.

Respecto ao expediente do Protocolo de acoso laboral, non consta no mesmo o recurso de reposición realizado por esta parte en data 19 de abril de 2017, nin tampouco foi contestado o mesmo, e non consta quen é o actual membro do Grupo de valoración designado polo

Comité De Persoal como esixe o Protocolo, nin acta algunha que o acredite, pero si constan actas sobre as designacións realizadas en anos anteriores. Ese expediente do Protocolo de acoso tampouco reflicte mención ou informe algún sobre as propostas de modificación do mesmo a pesar de ser tratado iso en diferentes reunións do CSSL e outros órganos representativos, polo que solicita que se complete o expediente con toda a documentación conforme esixe a lexislación vixente (actas, informes internos sobre o recurso de reposición, recurso de reposición e informes internos que dean contestación ao mesmo, documentación e informes internos existentes que tratan sobre as propostas de modificación do protocolo de acoso laboral, entre outros) e de non existir esa documentación que se informe e certifique esa inexistencia.

O escrito viña acompañado de copia do DNI do reclamante.

Segundo. Con data do 6 de febreiro de 2025 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Vigo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 6 de marzo de 2025 o Concello de Vigo, remite informe e copia do expediente solicitado.

Neste informe, indica que o recurso interponse contra a Resolución da concelleira de Área pola que estimouse a solicitude de acceso a información solicitada e se facilita os expedientes remitidos pola Área de Recursos Humanos e Formación (Expedientes núm. 29389-220 e 43578-220).

En canto á alegación de que o expediente está incompleto indica que con data do 20 de febreiro de 2025 a Área de Recursos Humanos e Formación emitiu informe no que fai constar as Actas ou documentación que acredita o cumprimento do art. 40.1.d) TREBEP e 10.3 Lei Orgánica de Liberdade Sindical, no que consta realizado no expediente o trámite de *acceso visualización sindicatos* a favor do Presidente do Comité de Persoal, e consta no expediente, acta da Mesa Xeral de Negociación do persoal funcionario de data 7/05/2024 na que se levou o asunto da proposta da determinación da xornada laboral do persoal do servizo de prevención e extinción e salvamento (SPEIS) do Concello de Vigo.

Os recursos de reposición interpostos contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 9/08/2024, foron resoltos con data posterior (24/01/2025) á petición de acceso á información pública realizada polo interesado, razón pola cal, non puido ser obxecto de remisión, remitindo o Concello o expediente completo nº 43578-220, coa resolución dos recursos presentados, e na que figuran anonimizados os datos persoais.

Indica ademais que no dito expediente, foi notificada a resolución do recurso de reposición interposto polo interesado a través da saída núm. 15057/2025 de 4/02/2025 e recibida na mesma data.

Respecto da documentación e informes sobre propostas de modificación do acoso laboral, como actuación mais recente, consta iniciado expediente núm. 45653-220 relativo a proposta de actuacións para a actualización e revisión do vixente protocolo de prevención do acoso laboral, cuxo informe xeral emitido en data 15/11/2024, achega co informe, e se ten iniciado a tramitación do expediente administrativo nº 46018-220 de contratación de servizos de consultaría e asistencia para a revisión do protocolo laboral, elaboración dos protocolos de acoso sexual e acoso e non discriminación de persoas LGTBI+ e formación especializada, cuxa memoria xustificativa contempla, como obxecto do contrato o estudo e análise do actual protocolo de acoso laboral do Concello de Vigo, aprobado en 2017.

En canto ao recurso de reposición interposto polo sindicato CASIPOL contra o Protocolo de acoso laboral e informes interinos, achega documento electrónico 170057051.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 13 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, á Valedora do Pobo, á que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 23.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 137 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 137 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

A Administración ditou resolución expresa que notificou á persoa interesada con data do 15 de xaneiro de 2025 e a reclamación tivo entrada no Rexistro da Valedora do Pobo o 23 de xaneiro de 2025, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O reclamante solicitou acceso ao protocolo de acoso laboral e á súa modificación, e ao expediente do acordo colectivo sobre a xornada de bombeiros dese Concello, e unha vez resolta a solicitude, fora do prazo que establece o artigo 20.1 da Lei 19/2013, presentou reclamación por considerar que os expedientes que se lles remitiron, en base á normativa que lle é de aplicación (basicamente o Estatuto Básico do Empregado Público, e a Lei Orgánica de Liberdade Sindical) estaban incompletos, o que implicaba unha conculcación dos seus dereitos sindicais.

De acordo coa definición de información pública da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias.

No marco dunha solicitude de acceso á información, cando se solicita unha información ou unha documentación que non existe, ben por que non se elaborou (aínda que fose obrigatorio facelo pola normativa que lle sexa de aplicación, como indica o reclamante no presente caso) ou ben simplemente porque non é necesario ou non é posible elaborala porque non se dan as circunstancias para facelo, o suxeito obrigado cumpre, indicando ao solicitante con claridade, que a información solicitada non existe.

Polo Concello, déuselle acceso coa resolución impugnada, aos expedientes solicitados, coa documentación que figura neles (Expedientes 29389-220 e 43578-220), sen que se poida considerar, de acordo co anterior, que a documentación que non existe neses expedientes, aínda que poida ser esixida pola normativa que lle sexa aplicable, poida ser obxecto dunha solicitude de acceso á información como pretende o reclamante, polo que procede a desestimación da reclamación presentada.

O anterior non obsta para que a Administración, remita ao solicitante a documentación que forma parte destes expedientes, e que segundo se indica no informe, foi producida ou elaborada con posterioridade á solicitude de acceso á información, isto é, a resolución dos recursos de reposición, o expediente 45653-220 relativo a proposta de actuacións para a actualización e revisión do vixente protocolo de prevención do acoso laboral, o inicio da tramitación do expediente nº 46018-220 de contratación de servizos de consultaría e asistencia para a revisión do protocolo laboral, elaboración dos protocolos de acoso sexual e acoso e non discriminación de persoas LGTBI+ e formación especializada e o recurso de reposición interposto polo sindicato CASIPOL contra o Protocolo de acoso laboral e informes internos), e que o Concello remite a esta Comisión co seu informe, sen que conste que se remitiran ao solicitante.

En base aos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 23 de xaneiro de 2025, contra a Resolución do Concello de Vigo pola que se resolve a súa solicitude de acceso a súa solicitude de acceso ao protocolo de acoso laboral e á súa modificación, e ao expediente do acordo colectivo sobre a xornada de bombeiros dese Concello.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/19937, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Firmado digitalmente por
MARÍA DOLORES
FERNANDEZ

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.